

CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS DE INNOVACIÓN CIENTÍFICA DIRIXIDO A ESCOLARES DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO PARA O ANO 2022 COA ASOCIACIÓN GALEGA DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN MATEMÁTICA AGAPEMA (G27264266)

REUNIDOS

Por unha banda, Dona Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, en representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J e domicilio para os efectos de notificación na praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña.

Por outra banda, don D. Julio Rodríguez Taboada, presidente da "Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática" (en adiante AGAPEMA), con CIF G27264266 e domicilio para os efectos de notificación no "CPI dos Dices" rúa Os Dices s/n, Rois 15911, A Coruña.

Ambas partes recoñécense reciprocamente a capacidade legal abondo e necesaria para outorgaren o presente convenio e para tal fin,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello da Coruña, veu recollendo nos orzamentos aprobados nos exercicios anteriores subvencións nominativas destinadas a sufragar gastos de actividades educativas, culturais e de mocidade.

SEGUNDO.- Que segundo o artigo 3.3 b) da *Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local* non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

TERCEIRO.- Que a *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* (en adiante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo ou á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social, ou de promoción dunha finalidade pública.

CUARTO.- Que AGAPEMA ten como fins estatutarios propios realizar actividades sen ánimo de lucro, de formación científica, relacionadas coa infancia e a mocidade, que consisten en cursos educativos, entre outros: facilitar a actualización do Profesorado de Matemáticas, difundir as correntes do pensamento matemático, transmitir as innovacións educativas e difundir as distintas correntes para a ensinanza e a aprendizaxe matemática; impulsando accións de carácter científico a través convenios, obradoiros, concursos, acordos, etc. coas administracións públicas, en centros escolares ou fóra deles.

QUINTO.- Que o Concello da Coruña entende que a actividade de AGAPEMA é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2022 debería recoller e recolle, ao abeiro do disposto no artigo 22 da LXS, unha subvención de carácter nominativo en favor desta entidade por un importe de 10.000 € coa finalidade de contribuír á realización de actividades educativas, culturais e de mocidade.

SEXTO.- Que a lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

SÉTIMO.- O procedemento de concesión pode iniciarse, ben de oficio, ben a petición da entidade interesada. AGAPEMA presentou no Rexistro Xeral a documentación precisa para subscribir o convenio.

OITAVO.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar por parte da AGAPEMA e, sobre a base do exposto, as dúas partes acordan subscribir o presente convenio, dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre o Concello da Coruña e AGAPEMA, coa finalidade de contribuír á realización de actividades de divulgación da matemática levando a cabo dúas actividades denominadas “Rebumbio matemático” e “Fería matemática” e que se desenvolvan durante o ano 2022 e que estean destinadas ó alumnado e profesorado de Centros Educativos.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO

Por medio do presente convenio o Concello obrígase a:

- A. Colaborar no establecemento do marco organizativo dos citados programas, na súa supervisión e avaliación e autorizará, en caso de que se xustifique debidamente, calquera modificación que implique unha utilización máis eficiente dos recursos tanto humanos como técnicos e de espazos municipais.
- B. Financiar os citados programas, que se desenvolvan durante o ano 2022, nunha contía máxima de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 60 326 489 50

TERCEIRA: FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

- A. En relación co artigo 32 do regulamento da LXS enténdese a achega municipal coma un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiamento precisa para a total execución da actividade subvencionada.
- B. Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que rebase o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (en adiante RLXS).
- C. Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración, ente público ou privado (mesmo que sexa este Concello), sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora de ditas subvencións ou axudas.
- D. Consonte ao disposto no artigo 34 do RLXS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso de subvencións percibidas de distintas entidades públicas ao respecto do custo total da actividade e fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concesoras en proporción ás subvención concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención abonada en virtude deste convenio.
- E. A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA: OBRIGAS DE AGAPEMA

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 34 da Ordenanza xeneral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, AGAPEMA comprométese a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Establecer e ,no seu caso, manter as medidas de coordinación necesarias co SME para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- f) Proporcionar ao SME a información funcional, económica e estadística que se lle requira a efectos de seguemento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias. Entre esta información debe figurar unha memoria avaliativa das actividades realizadas dentro dos diferentes proxectos reflectindo o número de persoas que asistiron desagregado por sexos e o nivel de cumprimento dos obxectivos e as propostas de mellora. Os datos virán desagregados por centros e programas.
- g) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.
- h) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- k) Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento.
- l) Empregar nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver nos diferentes proxectos unha linguaxe inclusiva e non sexista.
- m) Empregar a lingua galega nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver.
- n) Destinar, con carácter preferente, a subvención á realización de programas educativos de carácter científico e innovador para os centros educativos da cidade.
- o) No caso de que se introduzan novos programas, que se pretendan financiar con cargo a este convenio, esta circunstancia deberá comunicarse ao Concello antes da súa posta en marcha, para avaliar a compatibilidade das mesmas coas actividades que se pretenden fomentar con esta subvención.
- p) As demais obrigas impostas pola Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei xeral de subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

QUINTA: GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas, resulten estritamente necesarios e se realicen nos prazos establecidos neste convenio (xaneiro a decembro de 2022), tales como:

- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención (gastos de persoal directamente afectado ao cumprimento da finalidade subvencionada, gastos de profesionais, organización de obradoiros e accións).
- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención.

En todo caso, debe acreditarse de xeito que dea fe no correspondente xustificante de gasto que o mesmo estea directamente relacionado coa actividade.

Admitiranse como gastos subvencionables sen necesidade de xustificantes os gastos indirectos que en ningún caso poderán superar o 10% dos gastos realizados. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral agás que se acredite nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade.

Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

En ningún caso, o beneficiario poderá contratar servizos ou subministros con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1. Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente.
2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. O acreditamento do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos do beneficiario.

AGAPEMA poderá subcontratar as actividades ou proxectos obxecto do presente convenio. Tal como recolle o artigo 29 da LXS enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación de aqueles gastos en que teña que realizar o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido da mesma.

O réxime de subcontratación suxeitarase a os seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase coma gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custe da actividade

subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido a actividade que deberá ser acreditado.

- No suposto de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías fixadas no na lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario terá que solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade ou proxecto presentado coa solicitude ou do gasto realizado, se este fose menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos.

Con todo, a entidade solicitante poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fidedignamente nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade ou proxecto. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se trate de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionábeis:

- Os intereses debedores en contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

SEXTA: ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e o pagamento da achega municipal efectuarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Para iso deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención no pagamento que efectuará o Concello tras a sinatura do convenio, e previa petición expresa da entidade.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Non se poderá realizar o pagamento da subvención ao beneficiario en tanto que non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou de Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA: XUSTIFICACIÓN

Finalizada a actividade, e no prazo de dous meses dende o seu remate, AGAPEMA deberá presentar a xustificación á que deberá achegarse:

- A. Impreso de solicitude de xustificación segundo o modelo establecido.
- B. Memoria na que se acredite a realización da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada.
- C. Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axeitou ao orzamento inicial presentado.
- D. Relación clasificada co detalle dos gastos da actividade na que se indique o acredor, o número do documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- E. Deberanse ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación adicional que se indica:
 - 1. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou fotocopia compulsada. O total das facturas presentadas deberá coincidir co sumatorio total reflectido na relación detallada de xustificantes de gasto.
 - 2. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.
 - 3. As facturas orixinais deberán presentarse estampilladas ou seladas pola entidade, indicando a procedencia do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas, para dar cumprimento ao artigo 73 do Regulamento de Lei xeral de subvencións, en relación coa validación e estampillado de xustificantes de gasto. Nesta dilixencia farase constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña, dos gastos realizados no exercicio da actividade ou proxecto.
 - 4. Por tanto, no caso de presentar fotocopias compulsadas, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura a dilixencia indicada no parágrafo anterior, da forma en que se indica no mesmo.
 - 5. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade beneficiaria vén obrigada a practicar a retención que se establece no artigo 99 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), cos límites e excepcións que establece a propia Lei e o Regulamento do devandito imposto, e a ingresar o seu importe no Tesouro, debendo acreditarse devandito ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 (declaración trimestral) e 190 (resumo anual).
 - 6. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade ou proxecto, programa, proxecto ou actuación subvencionada aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.

7. No caso de que a subvención outorgada teña como destino o pago a persoas físicas que presten servizos retribuídos, o pago de premios ou o pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establece a indicada Lei 35/2006 e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 (declaración trimestral) e 190 (resumo anual).
 8. No caso de imputarse gastos de persoal: (nóminas) será obrigatoria a presentación dos documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema REDE. Deberá presentarse do modelo 111 (declaración trimestral) e do modelo 190 (resumo anual) acreditativo do ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) das retencións practicadas aos traballadores suxeitos ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
 9. No caso de gastos de carteis, dípticos e trípticos deberá presentar un exemplar do modelo utilizado xunto coa conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos do Concello da Coruña.
 10. Nos casos en que proceda a aplicación do establecido para os contratos que superen o importe do contrato menor, presentarse fotocopia compulsada dos tres presupostos incluídos nas ofertas recibidas que, en aplicación do artigo 31.3 da LGS, debe solicitar a persoa/entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionábel supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.
- F. Para comprobar na medida na que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación do cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que se observen desviacións, cubrirase informe de xustificación.
 - G. Neste senso, o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviación á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, deberá reintegrarse a achega municipal únicamente polo importe que supere o custo total das actividades subvencionadas.
 - H. Certificación do secretario, co visto e prace do presidente, das subvencións e outros ingresos que se xerasen co galo das actividades subvencionadas con independencia do seu reflexo no balance.
 - I. Acreditamento do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o aboamento coa copia do extracto bancario cando se realice por transferencia, copia do cheque e o seu correspondente cargo no banco cando se realice por cheque, e coa conformidade, acreditada abondo, do contratista ou provedor na correspondente factura de pagos en efectivo.
 - J. Admitiranse pagos en efectivo por importes de até 500,00€. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios aboamentos, o límite de 500,00€ entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes a ese servizo, e deberá presentarse recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto, o emisor do mesmo acredite responsablemente cun NIF e unha firma que recibiu o importe e a data na que o recibiu, e por tanto coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor. En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debito ou movemento bancario, orde de transferencia e/ou xustificante de ingreso efectivo

na conta bancaria da entidade/persoa beneficiaria). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque nominativo deberá presentarse ademais fotocopia do mesmo, que incluíra unha dilixencia co recibín da entidade/persoa interesada e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

- K. Estímase aconsellable que todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención se realicen, “preferentemente” desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade/persoa beneficiaria.
- L. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto: coa cesión do crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.
- M. Certificado do secretario da entidade, co visto e prace do presidente, no que se desagregue, por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da asociación, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes na censura das contas.

OITAVA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vocais, a razón de dous membros designados por cada unha das entidades asinantes do presente convenio, co obxectivo de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren necesarias.
- Interpretar, nos casos de dúbidas, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio,

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula SEGUNDA.

NOVENA: REINTEGRO DE CANTIDADES

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos previstos na LXS e na Ordenanza Xeral da Área de Benestar.

DÉCIMA: OBRIGATORIEDADE DO CONVENIO

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio e manifestan que o seu incumprimento, por calquera das partes, dará lugar á rescisión deste.

DÉCIMA PRIMEIRA: CARÁCTER DO CONVENIO

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase integramente polo especificado neste convenio, pola Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Excmo. Concello da Coruña (BOP núm. 40 do 19/02/2005 <http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>) e pola Lei 38/2003, do

17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado deste convenio terase en conta o establecido na base 11ª e Base 10ª.2.b) e c) das Bases de execución do orzamento municipal en vigor.

O presente convenio non leva consigo relación laboral de ningunha natureza entre o Concello e a entidade participante neste nin co persoal contratado por AGAPEMA

Non cabe renuncia nin delegación de competencias que legalmente lle corresponden ao Concello á marxe das canles legais, non existindo posibilidade de transferir competencias que impliquen exercicio de autoridade a entidades privadas.

DÉCIMO SEGUNDA: DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos de carácter persoal solicitados para a realización das actividades deste convenio obxecto de tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado tal como establece o artigo 11.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO TERCEIRA: INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

O Concello resérvase a facultade de interpretar o presente convenio e resolver as cuestións que puidesen xurdir acerca do seu cumprimento ou incumplimento.

DÉCIMO CUARTA: DURACIÓN

O prazo de duración deste convenio entre o Concello e AGAPEMA é improrrogábel e estabelécese desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2022.

En proba de conformidade, asíñase este convenio, en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

A Alcaldesa

O Presidente de Agapema

Dona Inés Rey García

Don Julio Javier Taboada